

➤ **Le os seguintes textos e intenta resolver as cuestións que aparecen a continuación.**

TEXTO 1

Nalgún lugares de Galiza, especialmente no sur, o primeiro domingo de maio celébrase a Festa dos Maios, que anuncia a despedida do inverno e dá a benvida á primavera.

Os maios son construcións vexetais elaboradas con materiais tradicionais: madeira, sacos de esparto, carriza, xestas, flores silvestres...

Hai dous tipos de maios:

- a) Os enxebres ou tradicionais, de forma cónica ou piramidal e grande altura, recubertos de plantas silvestres que se van colocando sobre a armazón de madeira.
- b) Os artísticos, auténticas esculturas vexetais que reproducen todo tipo de figuras autóctonas, como hórreos, cruceiros ou calquera monumento característico do lugar.

Arredor dos maios, nenos e nenas cantan as tradicionais coplas ou cantares –tamén chamadas maios–, nas que mediante a retranscrición e a ironía faise un repaso dos principais acontecementos da actualidade, nunha exhibición de creatividade e denuncia social.

A orixe da festa remóntase a un pasado ancestral e tivo manifestacións en distintas culturas (celta, grega, latina, sueva...).

TEXTO 2

Nun mundo coma o noso, este no que todo está á venda –ou así se pretende que sexa–, é fácil cousificar todo. Chegamos a obxectualizar as persoas, polo tanto non sorprende que cousifiquemos tamén os demais seres vivos.

Antes de decidir ter unha mascota hai que pensar ben no que implica, porque ese animalíño tan riquiño vai medrar, e, ao mellor, xa non nos parece tan bonito. Hai cans grandes de máis para ter nun apartamento. Caimáns, pitóns, iguanas, baranos e demais mascotas absurdas transformaranse nun problema ao se faceren adultos.

O tráfico ilegal de animais é un dos negocios máis importantes do mundo. Mais, aínda no caso do comercio legal, non debemos esquecer que mercar non é a única posibilidade, tamén se pode adoptar nun refuxio de animais.

Convivir con animais non-humanos no noso fogar pode ser moi gratificante, pero esixe responsabilidade, compromiso, dedicación e respecto. Unha mascota é un compañeiro, non un obxecto de usar e tirar.

- a) Sintetiza nunha frase o tema que trata cada un dos textos anteriores.
- b) Saberías dicir a que tipoloxía textual pertence cada un dos textos? Xustifica a túa resposta.

TEXTO 1:

- c) Cal é o significado dos maios?
- d) Que teñen en común e en que se diferencian os distintos tipos de maio (construcións)?
- e) Ademais de construcións, que son tamén os maios? Cal é a súa finalidade?

TEXTO 2:

- f) Localiza no 1º parágrafo dúas palabras sinónimas.
- g) No texto aparecen subliñadas varias palabras? Que son? Indica o seu tipo.
- h) En 100 palabras, dá a túa opinión sobre a seguinte afirmación que se fai no texto.

“Convivir con animais non-humanos no noso fogar pode ser moi gratificante, pero esixe responsabilidade, compromiso, dedicación e respecto. Unha mascota é un compañeiro, non un obxecto de usar e tirar.”